



INFORMACIÓN IMPORTANTE

En virtude do establecido na Instrución conxunta 9/2017 da secretaría xeral técnica e da dirección de centros e recursos humanos, pola que se establecen recomendacións sobre a saída dos alumnos escolarizados nos centros educativos públicos da comunidade autónoma galega ao remate do horario lectivo e sobre a recollida deles nas paradas establecidas no transporte escolar.

ALUMNADO DE 5º E 6º DE PRIMARIA

- Os escolares poderán saír só do colexio no horario previsto, sempre que os seus pais, nais, titores legais, acolledores familiares e proxenitores separados ou divorciados con garda e custodia ao seu favor, presenten ante a dirección do centro unha autorización expresa ao respecto, eximindo á Consellería de calquera responsabilidade por danos ou lesións indemnizables que poidan sufrir os escolares.
- Igualmente, os alumnos poderán ser recollidos no colexio no horario fixado, ás 14:00 ou á hora que se determine nas comunicacións de eventos (excursións...), polos propios responsables ou polos proxenitores separados ou divorciados que teñan dereito de visitas en días lectivos ou polos adultos e irmáns e irmás maiores (que cursen a educación secundaria, formación profesional ou bacharelato) autorizados ao efecto polos responsables dos rapaces.
- No suposto de pais e nais separados ou divorciados, seguirase as determinacións previstas na sentenza xudicial, convenio regulador ou acordo provisional, QUE TERÁN QUE PRESENTAR NO COLEXIO. A persoa encargada de recoller ao alumno será a que teña ao seu favor a garda e custodia do mesmo ou o adulto, irmán ou irmá que curse os niveis descritos anteriormente, aos que ela autorice expresamente, agás nos días de visita asignados ao outro proxenitor, nos cales poderá este recoller ao seu fillo ou a súa filla.
- Os responsables, os adultos autorizados ou o irmán ou irmá autorizado expresamente para recollelos terán a obriga de comunicar ao centro escolar calquera demora que poidan sufrir. Transcorrido o tempo de demora comunicado, sen que aparecieran efectuarase unha chamada aos responsables do alumno que, de resultar infrutuosa, poderán determinar a condución dos escolares ás dependencias da Policía Local.
- En todo caso, os escolares non poderán ausentarse do centro de ensino antes da hora prevista para as distintas saídas, agás que algún das persoas responsables así o permitan e autoricen de xeito motivado, precisando as condicións da súa marcha só ou da recollida por eles mesmos ou polo adulto ou irmá maior autorizado.

